

RESOLUCIÓN**Expediente 220077698/0**

O Plan Especial e Catálogo Complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar (PEEC) aprobado no ano 1991 no seu apartado 8.5.3. refírese á Comisión de Seguimento como órgano colexiado de asesoramento para o axeitado desenvolvemento do PEEC e os elementos incluídos no seu Catálogo, neste sentido lle corresponde o coñecemento das propostas de resolución sobre peticións de licenzas de derribo, de obras, de apertura e en materia de disciplina; o parágrafo cuarto sinala, "A Comisión de Seguimento estará composta, ao menos, por os seguintes membros:

Alcalde de Vigo, ou persoa en quen delegue que exercerá as funcións de Presidente.

O concelleiro/a delegado/a de Urbanismo.

O concelleiro/a delegado/a de Cultura.

O xefe/a de Sector de Urbanismo, que fará as funcións de secretario/a.

O Técnico/a encargado/a dos informes de concesión de licenzas no ámbito do PEEC

O Técnico/a da Oficina de Planeamento.

Un representante do Colexio de Arquitectos.

O mesmo precepto advirte que a Comisión poderá invitar a participar nas súas sesións ás persoas que considere oportuno co fin de millorar a información e o asesoramento sobre os temas da Orde do Día. Dende os seus comezos a Comisión ben invitando regularmente, mais ben sempre, con voz, pero sen voto, a un representante do Colexio de Aparelladores de Vigo.

O vocábulo "ao menos" posibilita a ampliación da Comisión de Seguimento sen necesidade de proceder á modificación puntual da normativa que a regula.

Entende esta Vicepresidencia que o traballo de calidade desenvolvido nos últimos vinticinco anos pola representación do Colexio de Aparelladores recomenda a ampliación dos membros da Comisión e a inclusión do seu representante como membro nato da mesma; así mesmo cabe considerar que creado e constituído o Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo no ano 1996, é dicir, con posterioridade á aprobación do PEEC, procede tamén incluír como membro nato da Comisión á persoa do xerente na súa condición de máximo órgano de dirección da XMU, artigo 11.1. e xefe superior de todos os servizos, dependencias e unidades, artigo 11.2.e) dos Estatutos.

No sentido exposto, de conformidade co sinalado no apartado 8.5.3. do PEEC, no uso da Resolución da delegación da Presidencia de data 11.07.2019 resolvo.

PRIMEIRO. A Comisión do Seguimento do Plan Especial e Catálogo Complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar (PEEC) estará composta polos seguintes membros:

Alcalde de Vigo, ou persoa en quen delegue que exercerá as funcións de Presidente.

O concelleiro/a delegado/a de Urbanismo.

O concelleiro/a delegado/a de Cultura.

O xefe/a de Sector de Urbanismo, que fará as funcións de secretario/a.

O Técnico/a encargado/a dos informes de concesión de licenzas no ámbito do PEEC

O Técnico/a da Oficina de Planeamento.

Un representante do Colexio de Arquitectos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/06/2022 13:47	Páxina 1 de 2
4456-426	CSV: AAA4A6-8B5CE8-D5C53H-EKXTCA-DVKCAJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Un representante do Colexio de Aparelladores.
O xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

SEGUNDO. Dar traslado da presente Resolución o Colexio de Aparelladores de Vigo e o xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

TERCEIRO. Dar traslado da presente Resolución a Secretaría da Comisión de Seguimento do PEEC para o seu coñecemento e os efectos da remisión da convocatoria e da Orde do Día aos novos membros da Comisión.

CUARTO. Dar coñecemento expreso desta Resolución o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo na primeira sesión que celebre.

QUINTO. Proceder á publicación da presente Resolución na Sede Electrónica municipal (Transparencia).
JRB

A vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo
(Resolución do alcalde-presidente de 11.07.2019 BOP 139 do 22.07.2019)

María José Caride Estévez

Ante min, o secretario da XMU

José Riesgo Boluda

Data e sinaturas dixitais



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/06/2022 13:47	Páxina 2 de 2
4456-426	CSV: AAA4A6-8B5CE8-D5C53H-EKXTCA-DVKCAJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		